

Fermín Penzol: biografía completa

Fermín Penzol pasa a nenez na vila de Mondoñedo, onde a familia trabou amizade coa do poeta e médico Leiras Pulpeiro e a adolescencia en Pontevedra, cidade na que cursa os estudos de bachalerato.

A formación universitaria, acatando a decisión paterna con gran contrariedade, tivo lugar en Madrid, onde fai a carreira de Dereito. O sentimento de frustración que conleva esta forzada ausencia da terra avivará nel un sentimento e compromiso galeguista que se desenvolverá en dous camiños paralelos, aínda que intimamente ligados: o da política e mais o da bibliofilia.

Deste xeito, nos primeiros anos vinte promove e funda na capital con outros compañeiros universitarios o grupo nacionalista denominado Mocidade Céltiga, vencellado ideoloxica e politicamente ás Irmandades da Fala e que terá como principal mestre e guieiro a Vicente Risco. Son datas nas que coñece e frecuenta a sobranceiros protagonistas do galeguismo, tales como Villar Ponte, Castelao ou Cabanillas. Esta primeira militancia vaise ver alicerzada coa pronta e ávida lectura de todo canto libro ou texto galego se podía atopar naquela altura, e a súa procura vai espertar nel a devandita e frutífera paixón de bibliófilo.

Rematada a carreira e aprobadas as oposicións de Rexistrador da Propiedade, en 1930 toma posesión do seu primeiro destino na vila de Ordes. A este seguirán outros fóra de Galicia, nos que o peregrinar do exercicio da profesión obrigouno a demorar máis tempo do que el ben quixera, sempre coa saudade e a esperanza frustrada de achegarse á terra.

Nos anos trinta, ao fundarse o Partido Galeguista afíliase e, en 1936, toma parte activa na Campaña a favor do Estatuto de Autonomía de Galicia en Madrid, que tería un dos seus máximos expoñentes no concorrido mitin celebrado no Teatro Alkázár. Orfo de pai, os fatídicos acontecementos do 18 de xullo collen a Fermín coa súa nai na casa de Ponferrada.

Nos avésios anos da posguerra coñece a Ramón Piñeiro e encetan unha fonda e fraternal amizade, perdurable xa ata o final dos seus días, Con el compartirá nos duros tempos da ditadura a actividade política de reorganización do galeguismo na clandestinidade.

En decembro de 1949 casa coa ribadense Blanca Jiménez, inseparable compañeira e incondicional colaboradora. Este enlace contribúe aínda máis a estreitar os seus lazos co país e o seu fogar materno do fronteirizo Castropol, no que exerce bastante tempo de rexistrador e onde despois pasará longas estadías, será visitado adoito por numerosos amigos galeguistas. Gran amante do deporte do remo, vai ser durante moitos anos promotor, benfeitor e presidente do Club de Mar castropolense e mais das súas regatas.

Cando en 1950 se crea a Editorial Galaxia, pola súa proximidade e afinidade tanto persoal como ideoloxica, cos seus fundadores, Penzol vai colaborar dende o principio coa nova empresa. Vinculada a esta estratexia colectiva de recuperación da conciencia e discurso galeguista vai a estar a xenerosa decisión de doar para uso público a importante biblioteca persoal de temática galega que o experto e xa recoñecido bibliófilo fora teimosa e pacientemente configurando, sen relear nin esforzos nin diñeiro, ao longo de máis de corenta anos.

Así, na plenitude da súa vida, o 30 de setembro de 1956 fai entrega simbólica en Vigo do seu valioso patrimonio bibliográfico e documental a Galaxia, á que confía o depósito, custodia e administración do mesmo, para que sexa posto ao servizo dos interesados no estudo e pescuda das fontes escritas de noso. Actúa como receptor o presidente da editora, Ramón Otero Pedrayo.

O 7 de abril de 1963 formalízase mediante escritura notarial, a devandita doazón e constitúese a Fundación Penzol, institución xurídica responsable do seu goberno. Noméase para representala e rexila un padroado presidido polo propio Fermín. O 5 de maio do mesmo ano inaugúrase oficialmente o centro no número 24 da rúa viguesa de Policarpo Sanz. Ao longo dos anos seguintes o fundador seguirá arrequecendo permanentemente os seus fondos con novas e numerosas achegas.

En 1971 xubíbase e fixa definitivamente a súa residencia en Santiago de Compostela. No mesmo ano é galardoado co Pedrón de Ouro e, dous anos máis tarde, nomeado académico de honra da Real Academia Galega.

No solpor da súa vida, malia a súa febleza física e fiel ao seu compromiso co país, coa chegada da democracia segue colaborando en diversas iniciativas e chamamentos colectivos, e mesmo solicita unha simbólica entrada no novo Partido Galeguista en 1979.

A piques de cumprir os 80 anos falece en Santiago de Compostela o 5 de marzo de 1981. Está soterrado no cemiterio de Castropol. Pola súa bondade e nobreza, Fermín Penzol foi unha persoa moi querida, ademais de moi admirada pola súa excepcional xenerosidade.

A título póstumo, en 1983, o concello de Vigo acorda porlle o seu nome a unha rúa desta cidade. E, entre outros recoñecementos, no 2002, Penzol e a súa Fundación son distinguidos, na persoa da súa viúva, coa Medalla Castelao, pola súa entrega incondicional ao galeguismo, polo seu exemplar mecenado e máis pola relevancia da súa biblioteca, un importante e imprescindible centro para o estudo e a investigación de Galicia.